

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 15 DE DECEMBRO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:05 horas do día 15 de decembro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 13 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D^a. María José Caride Estévez

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Margarita Parajó Calvo (asiste ao punto 1)
D^a. Olga Gómez Corbal
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 10 e 15)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 10 e 15)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta do 5 de decembro de 2017**

Apróbase a acta da sesión do 5 de decembro de 2017 cos votos de D^a. Margarita Parajó Calvo, D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

2.- Apertura administrativa**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ao Concello de Vigo e os seus organismos autónomos (5.984-241)**

Retírase da orde do día por terse tratado este punto na sesión do 14 de decembro de 2017.

4.- Apertura económica**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ao Concello de Vigo e os seus organismos autónomos (5.984-241)**

Retírase da orde do día por terse tratado este punto na sesión do 14 de decembro de 2017.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ao Concello de Vigo e os seus organismos autónomos (5.984-241)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio o 15 de decembro de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” no que se recolle a puntuación asignada aos catro licitadores que participaron neste procedemento.

A Mesa acorda, por unanimidade, aceptar o anterior informe e, en aplicación da cláusula 14.2 do PCAP, celebrar un sorteo para resolver o empate (“*De resultar un empate entre varios adxudicatarios este resolverase efectuando un sorteo*”).

Segundo o anunciado no perfil do contratante, procédese a realizar o sorteo en sesión pública para establecer a orde descendente de clasificación.

Asisten ao sorteo D. Javier Santodomingo, con DNI 53.173.566-G, en representación de B.U.C. ARTAI e D. Iago Merino Vidal, con DNI 36.148.042-T, en representación de WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.

O resultado do sorteo é o seguinte:

ORDE DE CLASIFICACIÓN	Licitador
1	ARTAI CORREDURIA DE SEGUROS, S.A.
2	WILLIS IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.
3	MARSH SA MEDIADORES DE SEGUROS

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego e do resultado do sorteo efectuado na sesión pública da Mesa de Contratación do 15 de decembro de 2017 (cláusula 14.2 do prego de cláusulas administrativas particulares), as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ao Concello de Vigo e os seus organismos autónomos (5.984-241) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación
1	ARTAI CORREDURÍA DE SEGUROS, S.A.	100 puntos
2	WILLIS IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	100 puntos
3	MARSH SA MEDIADORES DE SEGUROS	100 puntos



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ARTAI CORREDURÍA DE SEGUROS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 7 e 19 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida (certificación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións acreditativa da súa inscrición no Rexistro administrativo especial de mediadores de
3. seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos)
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares por importe de 3.534,28 euros.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 886,14 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

15.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos domésticos da Cidade de Vigo (6.619-252). Solicitud de ampliación do prazo para a emisión do informe de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”

Dáse conta do escrito asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 13 de decembro de 2017 no que comunica que “á vista da dificultade e volume do proceso de valoración comunícase a necesidade dunha nova ampliación de prazo ata o 29 de decembro de 2017”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi Margall (4.860-440) (ofertas con valores anormais ou desproporcionados)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que se advertiu un erro na comprobación da documentación persoal que tivo lugar na sesión do 11 de decembro de 2017 polo que non se tivo en conta que as empresas DRAGADOS, S.A. e VÍAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. pertencen ao mesmo grupo, tal e como se desprende da declaración responsable presentada por DRAGADOS, S.A. Esta circunstancia incide no cálculo das ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

Os membros da Mesa comprobaban a documentación presentada polas citadas empresas.

A continuación, entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos de data 15 de decembro de 2017 que rectifica o de data 14 de decembro.

Segundo o informe do 15 de decembro de 2017 o único licitador cuxa oferta contén valores anormais ou desproporcionados é PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.

A Mesa acorda aceptar o informe anterior e que se lle notifique a HIDROMIÑO S.L. e PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L., por ser os licitadores cos que se iniciou o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 08:04	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA543-8F5HE9-CCDAEE-P6QUJL-B7PBPk-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 08:04	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA543-8F5HE9-CCDAEE-P6QUJL-B7PBPK-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		